

Concurso *Balbino* de relatos

9ª edición 2024

O **Concurso Balbino de Relatos** nace coa idea de promocionar a nosa literatura así como ás persoas que gustan da escrita na nosa lingua.

O certame Balbino, pretende ser un estímulo para todas as persoas que queiran participar na promoción e difusión de Galicia e da nosa cultura, contando cunha periodicidade anual e unha temática sempre vinculada coas nosas tradicións, coa nosa xente, cos nosos costumes, co noso xeito de vida, coas nosas raíces...

Este concurso promovido por Edicións Fervenza e pola empresa Técnicas & Gramaxe, SL, conta coa conformidade da Fundación Xosé Neira Vilas e a colaboración da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades, a Deputación de Pontevedra e os Concellos de Boqueixón, Silleda e Vila de Cruces.

BASES

1.- O Concurso Balbino de Relatos está aberto a todas as persoas de calquera nacionalidade e idade que presenten os seus traballos escritos en lingua galega e que terán como motivación temática o rural, o mar e a emigración. O relato ou serie de relatos con estas temáticas poden ser reais ou ficción.

2.- Os textos serán orixinais, inéditos e de autoría propia.

3.- Os textos terán unha extensión mínima de 100.000 caracteres con espazos e máxima de 200.000.

4.- Xeitos de envío dos orixinais:

- **Envío por correo postal:** presentaranse cinco copias dos orixinais en papel DIN A/4 e debidamente encademadas. O texto levará un título e estará asinado cun lema. En sobre aparte e pechado levarán tamén por fóra o lema e título, dentro figurará o nome, apelidos, copia vixente do DNI, enderezo residencial, enderezo electrónico e teléfono do autor ou autora.

- **Envío por correo electrónico:** os que elixan esta opción deberán enviar o texto nun arquivo en formato .pdf e deberán evitar que o correo electrónico se identifique coa persoa. Tamén será imprescindible que envíen por correo ordinario e en sobre pechado os datos persoais.

En calquera modo de envío non levará ningún dato que identifique ao autor/a e deberá indicarse claramente que é para participar no Concurso Balbino de Relatos.

5.- O texto será enviado ao seguinte enderezo: Técnicas & Gramaxe, SL (Edicións Fervenza) rúa Trasdeza, 14 - 36540 Silleda, Pontevedra ou ao enderezo electrónico concursobalbino@gmail.com

6.- As persoas gañadoras do concurso en convocatorias anteriores poderán volver a presentarse pasados 10 anos do seu premio.

7.- O xurado estará composto por cinco persoas de recoñecido prestixio do mundo da literatura e da cultura galega.

8.- Establécese un único premio de 1.500 euros, que estará suxeito ás obrigas tributarias correspondentes.

9.- A obra premiada será publicada por Edicións Fervenza.

10.- Técnicas & Gramaxe, SL e Edicións Fervenza, resérvanse os dereitos de edición sobre o texto premiado en todas as linguas, sen límite de exemplares publicados nin edicións.

11.- Os traballos que non resultasen premiados poderán ser recollidos polos respectivos autores mediante unha solicitude por escrito, nun período de dous meses despois de fallado o premio, e poderán ser utilizados para calquera fin do autor ou autora.

12.- A data de presentación dos traballos remata o venres 28 de xuño de 2024.

13.- A entrega do premio realizarase durante o último trimestre do ano 2024.

14.- A participación no Concurso Balbino supón a aceptación destas bases.

Concurso *Balbino* de relatos

Técnicas & Gramaxe, SL • Edicións Fervenza • Rúa Trasdeza, 14 - 36540 Silleda - Pontevedra • concursobalbino@gmail.com • www.concursobalbino.com

